



## 4.1.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO<sup>1</sup>

(...)

### 4.1.7. FALTAS DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE

#### a) Puntualidade

A asistencia á clase é obrigatoria e debe facerse coa maior puntualidade posible. Enténdese por falta de puntualidade chegar á clase pasados 5 minutos do seu inicio. Considérase que chegar tarde a clase é unha interrupción da mesma (se a demora é inxustificada). Polo tanto, nestes casos, se o feito se dá dun modo reiterado, deberá ser obxecto de sanción, xa que significa un incumprimento das normas de convivencia do centro por con levar unha interrupción das clases. O alumnado que incumpra esta norma en 3 ocasións deberá ser, en primeiro lugar, apercibido pola súa titoría a fin de que modifique a súa actitude. No caso de que non a modifique e volva ter unha falta de puntualidade inxustificada, previa comunicación á xefatura de estudos, procederase a considerarse unha falta leve, por ter xa a consideración de conduta reiterada contraria ás normas de convivencia do centro.

#### b) Asistencia

A xustificación das ausencias faranse a través do modelo correspondente á disposición das familias, ben presentándoo por escrito no centro, ben mediante medios dixitais en Abalar móbil.

#### Falta xustificable

- Para o **Bacharelato, CF de Grao Medio e Superior e Ensino de Adultos:**

Causa	Xustificación
<b>Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves do/a alumna/o. Até 4 días ao trimestre.</b>	Declaración responsábel asinada polo/a estudante ou, no caso dos menores de idade, pola nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal. Non é necesario achegar xustificante médico.  <u>De exceder os 4 días nun trimestre ou ausentarse a unha proba avaliábel deberase presentar unha xustificación documental complementaria.</u>
<b>Enfermidades ou doenzas crónicas do alumno/a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica.</b>	Informe médico que terá validez como máximo por un curso académico.
<b>Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao: máximo 4 días por suceso.</b>	Declaración responsábel asinada pola nai, pai, persoas titoras ou gardadoras legais.

- Para a **E.S.O. e FP Básica:**

Causa	Xustificación
<b>Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves do/a alumna/o. Até 4 días ao mes.</b>	Declaración responsábel asinada pola nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal. Non é necesario achegar xustificante médico.  De exceder os 4 días nun mes, a nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal deberá presentar unha xustificación documental complementaria.
<b>Enfermidades ou doenzas crónicas do alumno/a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica.</b>	Informe médico que terá validez como máximo por un curso académico.

<sup>1</sup>Extracto do Plan de Convivencia do IES de Rodeira. Aprobado polo Consello Escolar o 27/06/2019 (modificado o 12/12/2022).



**Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao: máximo 4 días por suceso.**

Declaración responsábel asinada pola nai, pai, persoas titoras ou gardadoras legais.

### c) Control da asistencia a clase e rexistro das ausencias

O profesorado pasará lista ao comezo da clase e fará constar no XADE ao alumnado que non asista ou sexa impuntual. As nais, os pais e as persoas titoras ou gardadoras legais, no caso de menores de idade, e o propio alumnado, se for maior de idade, son as persoas responsábeis de comunicar previamente, sempre que sexa posible, a ausencia a clase da alumna/o. En calquera caso, as faltas de asistencia débense xustificar perante o profesorado titor de xeito documental e nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro.

Os proxenitores ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, e o propio alumnado, nos restantes casos, deberán realizar o seguemento das faltas de asistencia e/ou puntualidade mediante a aplicación Abalar. Naqueles casos excepcionais, debidamente xustificados, poderán ter dereito a recibir o parte mensual de faltas por correo postal.

### Consideración de falta de conduta da inasistencia ás clases

A inasistencia de forma reiterada ás clases é considerada unha falta leve de conduta contraria á convivencia. Neste sentido, cando haxa 5 faltas inxustificadas nun mes, ou 5 na mesma materia ao longo dun trimestre, considerarase que as faltas son reiteradas. O procedemento a seguir pola titoría será:

1. Informar ao alumno e/ou proxenitores da situación, requiríndolle que xustifiquen adecuadamente a situación anterior á maior brevidade posíbel.
2. Se da solicitude anterior non se presenta a xustificación ou, de facelo, esta non é acorde ao establecido como falta xustificable, a titoría procederá a informar á xefatura de estudos da situación, considerándose como falta de conduta leve contraria á convivencia, rexistrando a situación no XADE e informando á familia deste feito.





## DECLARACIÓN RESPONSÁBEL SOBRE A FALTA DE ASISTENCIA Á CLASE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,  
co DNI/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_, como persoa responsábel do/a alumno/a  
\_\_\_\_\_, de (curso, grupo, etapa) \_\_\_\_\_

### SOLICITO

A xustificación da/s seguinte/s ausencia/s:

- Das \_\_\_\_:\_\_\_\_ h. ás \_\_\_\_:\_\_\_\_ h. do día \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 202
- Durante o día \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 202
- Desde o día \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 202\_\_\_\_ ao día \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 202

Polos seguintes motivos:

- Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de até segundo grao: máximo de 4 días por suceso.
- Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o, até 4 días ao mes (ESO e FPB) ou 4 días ao trimestre (Bacharelato, FP CM e CS, Adultos).
- Enfermidades ou doenzas crónicas do alumno/a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica) -achegar informe médico que acredite a circunstancia-

En Cangas, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Á atención de (persoa titora) \_\_\_\_\_